

EDITORIAL

Os cambios producidos no noso entorno, e aínda máis, a dinámica de cambios —aprendermos a vivir nun mundo cambiante—, unidos ó horizonte de incerteza e complexidade invítannos a redefinir estratexias. Para máis, as estratexias do país foron avaliadas como pouco axeitadas —as estratexias de desenvolvemento, as estratexias persoais, as estratexias políticas e culturais, e moitas das estratexias empresariais—. Moi especialmente as estratexias da Economía Social —a súa misión, a súa cultura, o seu manexo dos recursos humanos—. Todo parece anunciar un futuro inmediato moi delicado para o que debemos andar pertrechados.

Isto levou ós editores da revista a apostar por un gabinete de prospectiva, a se interesaren polo plan económico —o documento onde a reflexión prospectiva ten expresión real-concreta— e a promover procesos de discusión e formación: un curso de *Planeamento e promoción económica en Galicia*, EUEE, Universidade de Vigo, 6 ó 9 de Xullo de 1992; un *Programa de Formación de Cadros da Economía Social* a instancias da Consellería de Traballo; o afortalamento da nosa infraestructura e compromisos do persoal para enfrenta-las apaixoadas tarefas que se nos presentaban; a busca de acordos con outrem: a Consellería de Traballo en primeiro lugar, que entendeu a necesidade dos proxectos polos que apostamos e aceptou coedita-las nosas publicacións e cofinancia-los nosos pasos; os acordos de colaboración con Unipro Editorial para a promoción e difusión dunha cultura empresarial a propósito; os pasos dados —e ben recibidos— a prol dunha fundación Sabino Peinador que democratice e institucionalice a impulsión destes procesos. Aí valoramos os compromisos que con fidelidade se andan a afirmar dende o mundo da empresa —e non apenas— para unha nova ollada ó país.

